



## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE LETRADO/A PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA (SOJ) DO ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE OURENSE**

A Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, na sesión celebrada o 15 de xaneiro de 2026, acordou realizar unha convocatoria para a selección de dous/dúas letrados/as para o Servizo de Orientación Xurídica (SOJ), entre os/as colexiados/as exercentes deste ICAOU que reúnan os requisitos establecidos nas seguintes bases.

---

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria cubrir dúas prazas vacantes das catro que conforman o Servizo de Orientación Xurídica (SOJ) deste Colexio.

O desempeño das tarefas propias deste servizo terá unha duración de dous anos, prorrogables se as necesidades do servizo así o requiren ata nova convocatoria.

Os/as seguintes candidatos/as por orde de puntuación que non obteñan praza formarán unha bolsa para substituír a algún membro do SOJ que, de ser o caso, cause baixa. Se é a persoa coordinadora do servizo quen non pode seguir desempeñando as súas funcións, será substituída na coordinación polo membro máis antigo no desempeño de funcións no SOJ.

---

### **2.- FUNCIÓNS DO POSTO**

As funcións do Servizo de Orientación Xurídica son orientar, asesorar e encamiñar as pretensións da persoa solicitante de xustiza gratuíta nos termos establecidos no artigo 28 do Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuita de Galicia.

#### **I. Atención e asesoramento:**

A. A atención directa e persoal aos/ás solicitantes para facilitarlles a información necesaria en relación co cumprimento dos requisitos para a concesión da xustiza gratuíta (económicos, documentación a presentar, prazos, etc.) e as prestacións que comprende o dereito.

B. Auxiliar ás persoas solicitantes na redacción das solicitudes de asistencia xurídica gratuíta mediante os impresos existentes para tal efecto.

C. Asesoramento e orientación previos ao proceso, o que inclúe analizar se os/as solicitantes reúnen os requisitos previstos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, e comunicar e requirir á persoa interesada, se é o caso, os defectos advertidos e as consecuencias da falta de emenda.

D. Analizar a viabilidade da pretensión principal e informar á persoa solicitante, se é o caso, sobre a insostibilidade ou falta de fundamentación da mesma.

II.

O asesoramento descrito será presencial nas instalacións do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, na sede colexial da rúa Concello 22, os luns, mércores e venres, de 9:30 h a 10:30 h, en quendas semanais establecidas polos membros do SOJ.

A organización interna do servizo poderá permitir que un dos seus compoñentes realice funcións de SOJ non presencial, agás excepcións xustificadas ou necesidades do servizo.

III.

A redacción de Informes de insostibilidade, Informes sobre solicitudes de cambio de avogado/a e Informes sobre queixas non deontolóxicas do turno de oficio.

IV.

Atender as comunicacións telefónicas do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

V.

A prestación do servizo será organizada polo membro coordinador e terá lugar durante once meses ao ano, agosto excluído.

---

### 3.- NATUREZA E RETRIBUCIÓN DO POSTO

I.

O importe da remuneración do servizo ascende a 250,00 € (douscentos cincuenta euros) mensuais íntegros por praza durante once meses ao ano (agosto excluído), ao que se descontará a retención correspondente do IRPF. Esta cantidade poderá modificarse á alza en función das dispoñibilidades orzamentarias.

II.

A prestación realizarase baixo a forma de arrendamento de servizos e non comportará, en ningún caso, a constitución dunha relación laboral.

III.

O desempeño do posto levará consigo a inclusión das persoas seleccionadas na Comisión do Turno de Oficio e Asistencia Xurídica Gratuita do ICA de Ourense, de conformidade co establecido no Título IV do Regulamento do Turno de Oficio e Asistencia Letrada do ICA de Ourense de 23 de decembro de 2010.

Igualmente, será de aplicación o establecido no Título V do Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuita de Galicia.

---

### 4.- REQUISITOS E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

I.

No prazo de dez (10) días hábiles desde a publicación da convocatoria na páxina web do ICA, os/as aspirantes deberán presentar a súa solicitude para participar no proceso selectivo.

II.

Xunto coa solicitude deberán achegar a documentación acreditativa dos méritos valorables que se detallan na Base 6.II desta convocatoria (adxúntase modelo de solicitude).

III.

Os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, que serán verificados de oficio polo Colexio:

1. Estar adscrito/a ao Turno de Oficio como colexiado/a exercente do ICA Ourense cunha antigüidade non inferior a cinco (5) anos na data desta convocatoria.
2. Estar ao corrente no pagamento das obrigas colexiais.
3. Non constar no seu expediente persoal sanción disciplinaria firme.

IV.

Os requisitos anteriores deberán reunirse na data da convocatoria e durante todo o tempo que dure o desempeño do posto. A perda sobrevida de calquera deles será causa de remoción mediante acordo motivado da Xunta de Goberno.

V.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web do ICA de Ourense a lista provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas, indicando os motivos da inadmisión. Concederase un prazo de cinco (5) días hábiles para que os/as aspirantes excluídos/as poidan emendar ou presentar alegacións.

VI.

Resoltas as alegacións, publicarase na páxina web do ICA de Ourense a lista definitiva de aspirantes admitidos/as para iniciar o proceso.

---

## 5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Constituirase un Tribunal de Selección composto por cinco membros titulares e os seus respectivos suplentes:

Presidenta:

A Decana do ICA de Ourense.

Secretaria:

A Secretaria do ICA de Ourense.

Vogais:

- O membro da Xunta de Goberno encargado do turno de oficio.
  - O coordinador do SOJ.
  - Un membro da comisión deontolóxica.
- 

## 6.- FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

### I. PRIMEIRA FASE: PROBA DE COÑECEMENTOS E VALORACIÓN DE MÉRITOS

#### A) Proba de coñecementos

As persoas candidatas admitidas serán convocadas á realización dunha proba presencial escrita na sede do Colexio.

A proba será eliminatoria e consistirá nun cuestionario de trinta e cinco (35) preguntas tipo test, a realizar nunha hora, sen poder consultar textos legais nin dispositivos electrónicos.

#### Temario

- Lexislación relacionada co servizo (Lei 1/1996, Real Decreto 141/2021, Decreto 269/2008 da Xunta de Galicia, Regulamento do Turno de Oficio do ICAOU, Código Deontolóxico).
- Xurisdición, competencia, lexitimación, procedementos e prazos nas ordes civil, penal, contencioso-administrativa e social.
- Documentación e requisitos para a tramitación de expedientes de xustiza gratuíta.

#### Puntuación

- Cada resposta correcta sumará 1 punto.
- Tres respostas incorrectas restarán 1 punto.

Para superar a proba e pasar á seguinte fase será necesario obter unha puntuación mínima de dezoito (18) puntos.

---

#### B) Valoración de méritos

Unha vez realizada a proba de coñecementos, o Tribunal procederá á súa corrección e, unicamente para aqueles/as aspirantes que alcancen a puntuación mínima de 18 puntos, procederá á valoración dos méritos achegados xunto coa solicitude.

#### Baremo

##### **1** Antigüidade no Turno de Oficio

Valorarase a antigüidade en calquera das ordes (civil, penal, social e contencioso-administrativa) ata a data da convocatoria, con 1 punto por cada 12 meses ininterrompidos, ata un máximo de 10 puntos.

Para o cómputo só se terá en conta a adscrición ao turno no que a persoa aspirante acredite maior antigüidade.

## **2** Prestación de servizos en múltiples ordes

Valorarase cun máximo de 5 puntos ter prestado servizos no turno de oficio en dúas ou máis ordes xurisdicionais durante un mínimo de 12 meses ininterrompidos.

---

### C) Publicación de resultados e alegacións

Finalizada a corrección da proba de coñecementos e a valoración dos méritos, o Tribunal publicará na páxina web do ICA de Ourense a lista provisional coas puntuacións obtidas.

Abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións publicarase a lista definitiva de puntuacións desta primeira fase.

---

## II. SEGUNDA FASE: ENTREVISTA PERSOAL

Os/as oito (8) participantes con maior puntuación na fase anterior serán convocados/as a unha entrevista persoal.

### Obxectivo

Avaliar a idoneidade da persoa aspirante para o posto, valorando experiencia, competencias e habilidades en relación coas funcións a desempeñar.

### Tribunal

Participarán todos os membros do Tribunal de Selección máis outros tres membros da Xunta de Goberno.

### Valoración

Será valorada unicamente polos cinco membros da Xunta de Goberno, que disporán dun máximo de 10 puntos cada un.

A puntuación deberá ser motivada individualmente segundo os seguintes criterios:

- Coñecemento específico do SOJ e do sistema de Asistencia Xurídica Gratuita (ata 2,5 puntos).
  - Habilidades de comunicación e empatía (ata 2,5 puntos).
  - Capacidade de análise xurídica e resolución de supostos (ata 2,5 puntos).
  - Motivación, deontoloxía e adecuación ao posto (ata 2,5 puntos).
- 

## 7.- SELECCIÓN FINAL

Finalizada a fase de entrevista publicarase na páxina web do ICA de Ourense a lista coas puntuacións totais (coñecementos + méritos + entrevista).

Abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar alegacións.

Só se terán en consideración as alegacións relativas a erros materiais ou de feito na suma ou aplicación das puntuacións, que deberán acreditarse documentalmente.

Examinadas as alegacións, o Tribunal elaborará a lista definitiva de puntuacións e propondrá ás dúas persoas con maior puntuación total, ditándose o correspondente acordo de nomeamento pola Xunta de Goberno.

---

## 8.- OUTRAS COMUNICACIÓNS

As solicitudes, alegacións ou calquera outra comunicación relacionada con este proceso deberán presentarse:

- A través do rexistro do ICA Ourense, ou
- Remitirse con sinatura electrónica ao correo:

secretaria@icaourense.gal

Indicando no asunto: “Convocatoria SOJ”.

En caso contrario, teranse por non presentadas.

A presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases reguladoras.

---

## 9.- INCORPORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO

Os/as letrados/as seleccionados/as, tanto para cubrir as vacantes como para formar parte da bolsa de substitucións, estarán obrigados/as a realizar un período de formación práctica non retribuída xunto cos actuais membros do SOJ, de non menos de quince días e ata que estes o indiquen.

Os profesionais que formen parte do SOJ non poderán, en ningún caso, facerse cargo dos asuntos coñecidos no desenvolvemento do seu labor no mesmo, nin remitilos a outros profesionais. A infracción desta norma dará lugar á extinción da prestación de servizos.

O posto será compatible co exercicio da avogacía e incompatible con outra actividade colexial remunerada, agás actividades formativas.